

ACTA NÚM. 6/2020.

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE BRIÓN O DÍA 9 DE SETEMBRO DE 2020.

No salón de plenos da Casa do Concello de Brión, sendo as 11,00 horas do día 9 de setembro de 2020, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as de seguido relacionados, baixo a presidencia do Sr. Alcalde JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA, co obxecto de celebrar sesión ordinaria correspondente ao día da data para a que foron previamente citados.

ALCALDE:
JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA.(PSG-PSOE)

CONCELLEIRAS/OS PRESENTES:

-. PSG-PSOE:
PABLO LAGO SANMARTÍN.
JOSÉ LUIS SAMPEDRO BOUZAS.
SANDY MARIE CEBRAL GÓMEZ.
MARÍA GUARINA REY VÁZQUEZ.
MARÍA ROSA ROMERO FARIÑA.

-. PP:
MARÍA FARIÑA BELLÓN.
WALDO CARBALLO GARCÍA.

-. BNG:
FRUCTUOSO SOUTO CASTIÑEIRA.
XOSÉ LUIS PENAS CORRAL.

Non asisten:
YOLANDA BOUZAS ALFONSÍN.
CARLOS NOYA PEREIRA.
NATALIA FARIÑA GARCÍA.

Secretario: Javier Nieves González, secretario do Concello.

Asiste a interventora do Concello Ana Isabel Candame Areosa.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, polo Sr. Alcalde declarouse público e aberto o acto, adoptándose os seguintes acordos:

1º) RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE CAMBIO DO DÍA DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN PLENARIA.

2º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO 17.06.2020.

3º) RELACIÓN DE DECRETOS DITADOS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA, DO 12.06.2020 AO 04.09.2020.

4º) DACIÓN DE CONTA DA SITUACIÓN DE CUMPRIMENTO DE OBRIGACIÓNS DE COMUNICACIÓN TRIMESTRAL DA CORPORACIÓN DA EXECUCIÓN DO ORZAMENTO CORRESPONDENTE AO 2º TRIMESTRE DE 2020.

5º) DACIÓN DE CONTA DA SITUACIÓN DE MOROSIDADE E DO CÁLCULO DO PERÍODO MEDIO DE PAGO CORRESPONDENTE AO 2º TRIMESTRE DE 2020.

6º) MOCIÓNS.

7º) ROGOS E PREGUNTAS.

8º) TOMA DE COÑECEMENTO DE ESCRITO DE RENUNCIA DE JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA AOS CARGOS DE ALCALDE E CONCELEIRO.

1º) RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE CAMBIO DO DÍA DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN PLENARIA.

Dada conta da resolución da alcaldía do 02.09.2020, que transcrita di:

O Pleno do Concello en sesión de data 17.06.2011 aprobou a modificación do regulamento orgánico municipal, téndose publicado a mesma no BOP do 10.08.2011, establecendo que o Pleno ordinario correspondente ao mes de agosto trasladarase ao primeiro mércores do mes de setembro. En casos excepcionais e debidamente xustificadas poderá adiantarse ou retrasarse pola alcaldía a celebración do Pleno ordinario un máximo dunha semana, debendo en todo caso o Pleno como primeiro punto da orde do día ratificar o decreto da alcaldía de cambio do día de celebración.

Resultando que no Concello neste momento non existe ningún funcionario que puidese tramitar os expedientes competencia do Pleno, resolvo:

1º) Retrasar a sesión ordinaria que debía celebrarse o mércores día 2 de setembro ao mércores 9 de setembro, polos motivos expostos.

2º) Da presente resolución darase conta ao Pleno do Concello para os efectos da súa ratificación.

Sometida a votación a súa ratificación o Pleno por unanimidade dos dez membros presentes acorda ratificala.

2º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO 17.06.2020.

De conformidade co artigo 91 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, preguntouse se algún membro do Pleno tiña que formular algunha observación ou reparo á acta da sesión anterior núm. 5/2020, do 17.06.2020.

Sometida a votación, o Pleno do Concello por unanimidade dos dez membros presentes acorda aprobala.

3º) RELACIÓN DE DECRETOS DITADOS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA, DO 12.06.2020 AO 04.09.2020.

Pola alcaldía, de conformidade co artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e art. 22.2. a) da Lei 7/85, do 2 de abril, deuse conta da relación de decretos que de seguido se transcriben en extracto:

Nº Decreto	Data Sinatura	Asunto
00261/2020	12/06/2020	ADHESIÓN AO CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA O PROGRAMA DE PREVENCIÓN DO COVID19 NA POLICÍA LOCAL
00262/2020	15/06/2020	DECRETO DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN EN MATERIA DE RESIDUOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (ADQUISICIÓN DE COLECTORES)
00263/2020	15/06/2020	DECRETO AXUDA A DOMICILIO BÁSICA MAIO
00264/2020	15/06/2020	DECRETO AXUDA A DOMICILIO DEPENDENCIA MAIO
00265/2020	15/06/2020	DECRETO PAGO TAXAS INFORME TÉCNICO URBANISMO

00266/2020	16/06/2020	DECRETO DE CONTRATACIÓN DE PERSOAL: BRIGADA OBREIROS PARA OBRAS 2020
00267/2020	16/06/2020	DECRETO DE CONTRATACIÓN DE PERSOAL: PIL 2020
00268/2020	16/06/2020	APROBACIÓN EXPEDIENTE ENAXENACIÓN EFECTO NON UTILIZABLE.
00269/2020	18/06/2020	ELEVACIÓN A DEFINITIVO DO ACORDO DO PLENO DO 27.02.2020 DE APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN NÚM. 1 DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO.
00270/2020	18/06/2020	DECRETO DE CONTRATACIÓN DE PERSOAL. PERSOAS BENEFICIARIAS DE RISGA. ANUALIDADE 2020
00271/2020	18/06/2020	ALTA SAF DEPENDENCIA EXPTE. 21/2020-D
00272/2020	18/06/2020	CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA XUNTA DE GOBERNO LOCAL 19.06.2020
00273/2020	18/06/2020	RESOLUCIÓN DE PRIMEIRAS ALEGACIÓNS EXPEDIENTE SANCIONADOR DE TRÁFICO
00274/2020	18/06/2020	ACORDO DE INICIO EXPEDIENTE SANCIONADOR DE TRÁFICO
00275/2020	19/06/2020	RESOLUCIÓN DE PRIMEIRAS ALEGACIÓNS EXPEDIENTE SANCIONADOR DE TRÁFICO
00276/2020	19/06/2020	RESOLUCIÓN DE RESOLUCIÓN DE RECURSO DE REPOSICIÓN ORDINARIA EXPEDIENTE SANCIONADOR DE TRÁFICO
00277/2020	19/06/2020	RESOLUCIÓN DE RESOLUCIÓN DE RECURSO DE REPOSICIÓN ORDINARIA EXPEDIENTE SANCIONADOR DE TRÁFICO
00278/2020	19/06/2020	DECRETO DE CONTRATACIÓN DE PERSOAL. APROL 2020.
00279/2020	19/06/2020	INTERPOSICIÓN DE RECURSO CONTENCIOSO - ADMINISTRATIVO CONTRA A RESOLUCIÓN DA CONSELLERÍA DE DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE, DE INADMISIÓN DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.
00280/2020	19/06/2020	REAPERTURA PISCINA CUBERTA.
00281/2020	22/06/2020	DECRETO DE ADXUDICACIÓN DE CONTRATO MENOR PARA O MANTENIMENTO DO ASCENSOR DA ESCOLA DE MÚSICA.
00282/2020	22/06/2020	CONVOCATORIA SESIÓN ORDINARIA DA XGL. 23/06/20
00283/2020	23/06/2020	DECRETO DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR PARA O SUBMINISTRO DE EQUIPAMENTO INFORMÁTICO.
00284/2020	23/06/2020	BAIXAS LIXO NO PADRON DO ANO 2020
00285/2020	25/06/2020	PRÓRROGA DO CONTRATO DE SERVIZOS DE LIMPEZA DA ESCOLA INFANTIL DOS ANXELES.
00286/2020	25/06/2020	RECOÑECEMENTO DE TRIENIOS A FAVOR DO PERSOAL MUNICIPAL. XUÑO 2020.
00287/2020	26/06/2020	ADSCRICIÓN DE PERSOAL AO PROXECTO DE MANTENIMENTO E MELLORA DAS ALDEAS DE MATO E BUSTO DE FRADES, E DE CAMIÑOS EN VILAR E ONS.
00288/2020	26/06/2020	ALTA EXTRAORDINARIA SAF Nº5 - APOIO DURANTE O ESTADO DE ALARMA POLO COVID19
00289/2020	26/06/2020	MODIFICACIÓN COTA TAXA DO LIXO DE TRES RECIBOS PARA O PADRÓN 2020
00290/2020	26/06/2020	CAMBIOS DE TITULARIDADE DE RECIBOS NO PADRÓN DO LIXO 2020
00291/2020	26/06/2020	APROBACIÓN INICIAL DO PADRÓN DO LIXO 2020
00292/2020	26/06/2020	APROBACIÓN DE EXPEDIENTE DE NÓMINA. PAGA EXTRA XUÑO 2020.
00293/2020	26/06/2020	RELACIÓN DE FACTURAS F/2020/29
00294/2020	26/06/2020	RELACIÓN DE FACTURAS F/2020/30
00295/2020	26/06/2020	RELACIÓN DE FACTURAS F/2020/31
00296/2020	26/06/2020	CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PREVISTA NO ORZAMENTO Á SOCIEDADE DEPORTIVA LUAÑA
00297/2020	29/06/2020	COFINANCIAMENTO SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS 2020
00298/2020	29/06/2020	ANTICIPO DO 50 % DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA DA SD LUAÑA
00299/2020	29/06/2020	DESIGNACIÓN TRES POLICIAS LOCAIS PARA ELECCIÓNS 12/07/2020
00300/2020	29/06/2020	APROBACIÓN EXPEDIENTE DE NÓMINA. XUÑO 2020
00301/2020	30/06/2020	COVOCATORIA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XGL. 01/07/20
00302/2020	30/06/2020	ADXUDICACIÓN PROVISIONAL DE PRAZAS ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL - CURSO 2020/21
00303/2020	01/07/2020	APROBACIÓN DEFINITIVA DO EXPEDIENTE DE NÓMINA. PAGA EXTRA DE XUÑO 2020.

00304/2020	01/07/2020	ALTAS PADRÓN DE HABITANTES MES DE XUÑO DE 2020
00305/2020	01/07/2020	BAIXAS PADRÓN DE HABITANTES MES DE XUÑO DE 2020
00306/2020	01/07/2020	INCOACIÓN DE EXPEDIENTE DE REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA A TALLERES SAFESTOP, S.L.
00307/2020	01/07/2020	CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA PREVISTA NO ORZAMENTO Ó CEIP DE PEDROUZOS
00308/2020	01/07/2020	CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA NO ORZAMENTO Á UNIÓN DEPORTIVA BASTAVALES
00309/2020	01/07/2020	CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA PREVISTA NO ORZAMENTO Á SOCIEDADE DEPORTIVA BRIÓN
00310/2020	01/07/2020	CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA PREVISTA NO ORZAMENTO Á ASOCIACIÓN DE MULLERES XUNTANZA
00311/2020	01/07/2020	CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA PREVISTA NO ORZAMENTO Á ASOC. BANDA DE MÚSICA MUNICIPAL DE BRIÓN
00312/2020	01/07/2020	CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA PREVISTA NO ORZAMENTO Ó CLUB DE PATINAXE BRIÓN
00313/2020	01/07/2020	CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA PREVISTA NO ORZAMENTO Á ESCOLA DE EDUCACIÓN INFANTIL DE SABAXÁNS
00314/2020	01/07/2020	CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA PREVISTA NO ORZAMENTO Á ESCOLA DE EDUCACIÓN INFANTIL DA LUAÑA
00315/2020	01/07/2020	CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA PREVISTA NO ORZAMENTO Á ESCOLA DE EDUCACIÓN INFANTIL DOS ÁNXELES
00316/2020	01/07/2020	CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA PREVISTA NO ORZAMENTO Ó CLUB DEPORTIVO TORRES DE ALTAMIRA
00317/2020	01/07/2020	CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA PREVISTA NO ORZAMENTO Ó CLUB DE ATLETISMO BRIÓN
00318/2020	01/07/2020	ACORDO DE INICIO EXPEDIENTE SANCIONADOR DE TRÁFICO
00319/2020	01/07/2020	APROBACIÓN EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN ESCOLAS CULTURAS 2020/2021.
00320/2020	01/07/2020	APROBACIÓN EXPEDIENTE CONTRATACIÓN ESCOLAS DEPORTIVAS 2020/2021
00321/2020	01/07/2020	APROBACIÓN EXPEDIENTE CONTRATACIÓN ESCOLAS MUSICAIS 2020/2021
00322/2020	01/07/2020	CONCESION DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA PREVISTA NO ORZAMENTO O IES DE BRION
00323/2020	02/07/2020	DISTRIBUCIÓN BANCO DE ALIMENTOS XULLO 2020
00324/2020	02/07/2020	CONTRATACIÓN SERVIZO SOCORRISMO E MANTEMENTO PISCINA BASTAVALES
00325/2020	02/07/2020	DECRETO DE CONTRATACIÓN DE PERSOAL GES E CONSTITUCIÓN DUNHA LISTA DE AGARDA
00326/2020	03/07/2020	APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DAS MELLORAS REALIZADAS NO CONTRATO DE MANTEMENTO E REPARACIÓN DAS REDES DE ILUMINACIÓN PÚBLICA DO 01.03.2016.
00327/2020	03/07/2020	ALUGUER CAFETERÍA CENTRO SOCIAL - XUÑO 2020
00328/2020	03/07/2020	COTA MANCOMUNIDADE CONCELLOS SERRA DO BARBANZA LB/06.20 - XUÑO 2020
00329/2020	03/07/2020	INCOACIÓN EXPEDIENTE DE REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA AO RESTAURANTE O PADRIÑO
00330/2020	06/07/2020	ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE MANTEMENTO E REPARACIÓN DAS REDES DE ILUMINACIÓN PÚBLICA DO CONCELLO.
00331/2020	06/07/2020	DECRETO CONVOCATORIA SESIÓN ORDINARIA XGL 07.07.2020
00332/2020	06/07/2020	APROBACIÓN DA AUTOLIQUIDACIÓN TRIBUTARIA REFERIDA AO MES DE XUÑO. MODELO IRPF 111
00333/2020	07/07/2020	DECRETO DEVOLUCIÓN DE AVAL
00334/2020	07/07/2020	INICIO DA CONTRATACIÓN DA OBRA DO PROXECTO DE MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS 2020-2021.
00335/2020	07/07/2020	MONITORAXE OBRADOIROS LÚDICOS DO BRIÓNVERAN 2020
00336/2020	07/07/2020	MONITORAXE OBRADOIROS DEPORTIVOS DO BRIÓNVERAN 2020
00337/2020	08/07/2020	ACORDO DE INICIO EXPEDIENTE SANCIONADOR DE TRÁFICO
00338/2020	08/07/2020	DECRETO DEVOLUCIÓN DE FIANZA
00339/2020	09/07/2020	DECRETO DEVOLUCIÓN DE FIANZAS DEFINITIVA E COMPLEMENTARIA
00340/2020	09/07/2020	DECRETO DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS DEFINITIVAS E DEFINITIVA COMPLEMENTARIA
00341/2020	10/07/2020	SOLICITUDE SUBVENCIÓN CULTURA NO CAMIÑO 2020

00342/2020	10/07/2020	INCOACI3N EXPEDIENTE SANCIONADOR SABAX3NS 54
00343/2020	13/07/2020	ALTA SAF DEPENDENCIA EXPTE. 22/2020-D
00344/2020	13/07/2020	DECRETO DEVOLUCI3N DE FIANZAS
00345/2020	13/07/2020	DECRETO DEVOLUCI3N DE AVAL
00346/2020	13/07/2020	RECOÑECEMENTO DE TRIENIOS A FAVOR DO PERSOAL MUNICIPAL. XULLO 2020
00347/2020	13/07/2020	APROBACI3N DE PROXECTO DE MELLORA DA EFICIENCIA ENERX3TICA DA ILUMINACI3N DO CAMPO DE F3TBOL E INICIO EXPEDIENTE CONTRATO MENOR
00348/2020	13/07/2020	DECRETO SERVIZO AXUDA NO FOGAR DEPENDENCIA XUÑO
00349/2020	13/07/2020	DECRETO SERVIZO AXUDA NO FOGAR B3SICA XUÑO
00350/2020	13/07/2020	DECRETO CONVOCATORIA SESI3N ORDINARIA DA XGL. 14/07/2020
00351/2020	14/07/2020	BAIXA SAF_EXPTE.EXTRA05
00352/2020	14/07/2020	DECRETO MODIFICACI3N DE CR3DITO 04/2020
00353/2020	14/07/2020	AUTORIZANDO CAMBIO DE AVAL NO CONTRATO DA PISCINA CUBERTA CLIMATIZADA.
00354/2020	14/07/2020	ADXUDICACI3N DO CONTRATO MENOR PARA O SUBMINISTRO DUNHA CUBA DE EMISI3N DE ASFALTO.
00355/2020	14/07/2020	RESOLUCI3N SANCIONADORA EXPEDIENTE SANCIONADOR DE TR3FICO
00356/2020	14/07/2020	RESOLUCI3N DE PRIMEIRAS ALEGACI3NS ORDINARIO EXPEDIENTE SANCIONADOR DE TR3FICO
00357/2020	14/07/2020	ACORDO DE INICIO EXPEDIENTE SANCIONADOR DE TR3FICO
00358/2020	14/07/2020	DECRETO MODIFICACI3N DE CR3DITO 05/2020
00359/2020	15/07/2020	ADXUDICACI3N DO CONTRATO MENOR DE OBRAS DE: PROXECTO DE MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS 2020-2021 NO CONCELLO DE BRI3N.
00360/2020	15/07/2020	RELACI3N DE FACTURAS F/2020/32
00361/2020	15/07/2020	RELACI3N DE FACTURAS F/2020/33 CONTRATO
00362/2020	15/07/2020	RELACI3N DE FACTURAS F/2020/34 (+3.000€)
00363/2020	15/07/2020	ADXUDICACI3N DO CONTRATO MENOR DE CONTROL DE CALIDADE DAS OBRAS DO PROXECTO DE MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS 2020-2021 NO CONCELLO DE BRI3N.
00364/2020	15/07/2020	RELACI3N DE FACTURAS F/2020/35 ENERXIA EL3CTRICA
00365/2020	15/07/2020	ADXUDICACI3N DO CONTRATO DE OBRAS DO PROXECTO DE MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA TRAVESIA DE BASTAVALIÑOS.
00366/2020	16/07/2020	DECRETO DE APROBACI3N INICIAL DO PADR3N FISCAL CONXUNTO DAS TAXAS POLOS SERVIZOS DE SUBMINISTRACI3N DE AUGA, SANEAMENTO, DEPURACI3N DE AUGAS RESIDUAIS E CANON DA AUGA, CORRESPONDENTE AO 2º TRIMESTRE DE 2020.
00367/2020	20/07/2020	ADXUDICACI3N DE CONTRATO MENOR DE OBRAS DE MELLORA DA EFICIENCIA ENERX3TICA DA ILUMINACI3N DO CAMPO DE F3TBOL DE BRI3N.
00368/2020	20/07/2020	ADXUDICACI3N CONTRATO MENOR REDACI3N PROXECTO DE OBRAS DE MELLORA DA EFICIENCIA ENERX3TICA DA ILUMINACI3N DO CAMPO DE F3TBOL DE BRI3N E DIRECCI3N DE OBRA.
00369/2020	20/07/2020	CONVOCATORIA SESI3N ORDINARIA DA XGL. 21/07/2020
00370/2020	20/07/2020	ADXUDICACI3N DE CONTRATO MENOR PARA O SUBMINISTRO E COLOCACI3N DUNHA COCIÑA NO PISO DE AGRO NOVO
00371/2020	20/07/2020	DECRETO ASISTENCIAS A MEMBROS DA CORPORACI3N
00372/2020	22/07/2020	ADXUDICACI3N DEFINITIVA DE PRAZAS DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL - CURSO 2020/21
00373/2020	22/07/2020	RELACI3N DE FACTURAS F/2020/36 (+3.000€)
00374/2020	23/07/2020	AUTORIZACI3N DE LICENZA MUNICIPAL PARA A TENZA DE ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS LICENZA N3 3/2020
00375/2020	23/07/2020	ADAPTACI3N FUNCIONAL DE POSTO DE TRABALLO.
00376/2020	23/07/2020	ATRIBUCI3N TEMPORAL DE FUNCI3NS DA COORDINACI3N DO GES A CONSECUCI3N DA ADAPTACI3N DE FUNCI3NS DO TITULAR DO POSTO
00377/2020	23/07/2020	RELACI3N DE FACTURAS F/2020/37

00378/2020	24/07/2020	COTA MANCOMUNIDADE CONCELLOS SERRA DO BARBANZA XULLO 2020 - LB/7.20
00379/2020	24/07/2020	CONTRATAÇÃO MONITORAXE CAMPAMENTOS DE VERAN 2020
00380/2020	24/07/2020	CONTRATAÇÃO SERVIZO CATERING CAMPAMENTOS 2020
00381/2020	24/07/2020	DECRETO DEVOLUCIÓN DE AVAL
00382/2020	24/07/2020	DECRETO DEVOLUCIÓN DE FIANZAS
00383/2020	24/07/2020	INCOACIÓ EXPTE. SANCIONADOR CHAVE DE PONTE 9
00384/2020	27/07/2020	CONVOCATORIA SESIÓ ORDINARIA XGL 28.07.2020
00385/2020	28/07/2020	APROBACIÓ DO EXPEDIENTE DE NÓMINA. XULLO 2020
00386/2020	28/07/2020	ACORDO DE INICIO EXPEDIENTE SANCIONADOR DE TRÁFICO
00387/2020	28/07/2020	RESOLUCIÓ DE PRIMEIRAS ALEGACIÓNS ORDINARIO EXPEDIENTE SANCIONADOR DE TRÁFICO
00388/2020	28/07/2020	DECLARANDO DESERTO O PROCEDEMENTO DE VENDA POR SUBASTA DE CAMIÓ NON UTILIZABLE.
00389/2020	29/07/2020	CONCESIÓ DE SUBVENCIÓ NOMINATIVA PREVISTA NO ORZAMENTO Ó CLUB BALONCESTO BRIÓN
00390/2020	30/07/2020	ALUGUER CAFETERÍA CENTRO SOCIAL - XULLO 2020
00391/2020	30/07/2020	APROBACIÓ DA AUTOLIQUIDACIÓ TRIBUTARIA REFERIDA AO MES DE XULLO. MODELOS IRPF 111 E IVA 303
00392/2020	31/07/2020	RELACIÓ DE FACTURAS F/2020/38
00393/2020	31/07/2020	ADXUDICACIÓ DO CONTRATO MENOR: CONTROL DE CALIDADE DA OBRA DE MELLORA DA SEGURIDADE VIAL NA TRAVESÍA DE BASTAVALIÑOS.
00394/2020	03/08/2020	APROBACIÓ DEFINITIVA DO PADRÓN LIXO ANO 2020
00395/2020	03/08/2020	DECRETO PADRÓN DE VADOS ANO 2019
00396/2020	03/08/2020	DECRETO PADRÓN ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL MARZO
00397/2020	04/08/2020	DELEGACIÓ PARA CELEBRACIÓ DE MATRIMONIO CIVIL.
00398/2020	04/08/2020	APROBACIÓ EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓ DO CAFÉ BAR DO CENTRO SOCIAL POLIVALENTE.
00399/2020	04/08/2020	DECRETO CONVOCATORIA SESIÓ EXTRAORDINARIA DA XGL. 05.08.2020.
00400/2020	05/08/2020	INICIO DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓ DO SUBMINISTRO DE MATERIAIS PARA A EXECUCIÓ POR ADMINISTRACIÓ DA OBRA DO PROXECTO DE MANTEMENTO E MELLORA DE BEIRARRÚAS NO CONCELLO DE BRIÓN: LAMIÑO - LIÑARES.
00401/2020	05/08/2020	DECRETO PRESTACIÓ DE SERVIZOS GRUPO DE EMERXENCIAS SUPRAMUNICIPAL
00402/2020	06/08/2020	DECRETO DEVOLUCIÓ DE INGRESOS INDEBIDOS
00403/2020	06/08/2020	ELEVACIÓ A DEFINITIVO DO ACORDO DE MODIFICACIÓ DA O.F. DA TAXA POLA UTILIZACIÓ DOS SERVIZOS DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL.
00404/2020	06/08/2020	ELEVACIÓ A DEFINITIVO DO ACORDO DE MODIFICACIÓ DA O.F. REGULADORA DA TAXA DE SANEAMENTO E DEPURACIÓ DE AUGAS RESIDUAIS.
00405/2020	06/08/2020	ALTAS PADRÓN DE HABITANTES MES DE XULLO DE 2020
00406/2020	06/08/2020	BAIXAS PADRÓN DE HABITANTES MES DE XULLO DE 2020
00407/2020	06/08/2020	ALTA EXTRAORDINARIA SAF Nº6 - APOIO DERIVADO DA SITUACIÓ DE ALARMA POLO COVID19
00408/2020	06/08/2020	APROBACIÓ EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓ DO SUBMINISTRO DE MATERIAIS PARA A EXECUCIÓ DO PROXECTO: MANTEMENTO E MELLORA DE BEIRARRÚAS NO CONCELLO DE BRIÓN: LAMIÑO - LIÑARES.
00409/2020	06/08/2020	SUBMINISTRO PANEIS SOLARES FOTOVOLTAICOS PARA MONTE BALADO
00410/2020	07/08/2020	DECRETO AXUDA A DOMICILIO BÁSICA XULLO
00411/2020	07/08/2020	DECRETO AXUDA A DOMICILIO DEPENDENCIA XULLO
00412/2020	07/08/2020	ADXUDICACIÓ DO CONTRATO DE SERVIZOS ESCOLAS MUSICAIS 2020/2021.
00413/2020	07/08/2020	ADXUDICACIÓ DO CONTRATO DE SERVIZOS DE ESCOLAS DEPORTIVAS 2020/2021.

00414/2020	07/08/2020	ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE SERVIZOS DE ESCOLAS CULTURAI S 2020/21.
00415/2020	11/08/2020	ALTA SAF DEPENDENCIA EXPTE. 23/2020-D
00416/2020	11/08/2020	CONVOCATORIA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XGL. 12.08.20
00417/2020	13/08/2020	SUBMINISTRO DE AIRE ACONDICIONADO PARA A BIBLIOTECA PÚBLICA MUNICIPAL
00418/2020	14/08/2020	RELACION DE FACTURAS F/2020/39 - ENERXÍA ELECTRICA
00419/2020	14/08/2020	CONVOCATORIA SESIÓN ORDINARIA XGL DO 18.08.20
00420/2020	18/08/2020	APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA DE : MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA TRAVESÍA DE BASTAVALIÑOS
00421/2020	19/08/2020	DECRETO DE APROBACIÓN DEFINITIVA DO PADRÓN FISCAL CONXUNTO DAS TAXAS POLOS SERVIZOS DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA, SANEAMENTO, DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS E CANON DA AUGA, CORRESPONDENTE AO 2º TRIMESTRE DE 2020.
00422/2020	20/08/2020	ACORDO DE INICIO EXPEDIENTE SANCIONADOR DE TRÁFICO
00423/2020	20/08/2020	ACORDO DE INICIO EXPEDIENTE SANCIONADOR DE TRÁFICO
00424/2020	20/08/2020	RELACIÓN DE FACTURAS F/2020/40 (+3.000€)
00425/2020	20/08/2020	COTA MANCOMUNIDADE CONCELLOS SERRA DO BARBANZA (LB/05.20) - MAIO 2020
00426/2020	20/08/2020	RELACIÓN DE FACTURAS F/2020/41 CONTRATOS
00427/2020	21/08/2020	BAIXA PADRON DO LIXO RECIBO 253000566164
00428/2020	21/08/2020	RELACIÓN DE FACTURAS F/2020/42
00429/2020	25/08/2020	REINTEGRO POR MOTIVO DE PERSOAL DE BAIXA POR ILT. SUBVENCIÓN RISGA 2016.
00430/2020	28/08/2020	RECOÑECEMENTO DE TRIENIOS A FAVOR DO PERSOAL MUNICIPAL. AGOSTO 2020.
00431/2020	28/08/2020	DECRETO APROBACION EXPEDIENTE DE NÓMINAS. AGOSTO 2020
00432/2020	01/09/2020	ALTAS PADRÓN DE HABITANTES MES DE AGOSTO DE 2020
00433/2020	01/09/2020	BAIXAS PADRÓN DE HABITANTES MES DE AGOSTO DE 2020
00434/2020	01/09/2020	DECRETO DEVOLUCIÓN DE AVAL
00435/2020	01/09/2020	CONVOCATORIA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XGL DO 02/09/2020
00436/2020	02/09/2020	DECRETO CAMBIO DE DÍA CELEBRACIÓN SESIÓN PLENARIA DE SETEMBRO
00437/2020	04/09/2020	RESOLUCIÓN RECURSO DE REPOSICIÓN ORDINARIO EXPEDIENTE SANCIONADOR DE TRÁFICO
00438/2020	04/09/2020	ALUGUER CAFETERÍA CENTRO SOCIAL - AGOSTO 2020
00439/2020	04/09/2020	CONVOCATORIA PLENO ORDINARIO 09.09.2020
00440/2020	04/09/2020	DECRETO DE MODIFICACIÓN DA HORA DE CONVOCATORIA DO PLENO ORDINARIO 09.09.2020

O Pleno queda enterado.

4º) DACIÓN DE CONTA DA SITUACIÓN DE CUMPRIMENTO DE OBRIGACIÓNS DE COMUNICACIÓN TRIMESTRAL DA CORPORACIÓN DA EXECUCIÓN DO ORZAMENTO CORRESPONDENTE AO 2º TRIMESTRE DE 2020.

Dada conta da información remitida por vía telemática con anterioridade por intervención ao Ministerio de Facenda en cumprimento do art. 16 da Orde HAP/2015/2012, do 1 de outubro, referente á avaliación da estabilidade e da regra do gasto correspondente ao 2º trimestre de 2020, mediante a súa posta a disposición desde a convocatoria da sesión plenaria, o Pleno toma coñecemento.

5º) DACIÓN DE CONTA DA SITUACIÓN DE MOROSIDADE E DO CÁLCULO DO PERÍODO MEDIO DE PAGO CORRESPONDENTE AO 2º TRIMESTRE DE 2020.

Dada conta da información remitida por vía telemática con anterioridade por intervención ao Ministerio de Facenda referente á situación de morosidade e do cálculo do período medio de pago correspondente ao 2º trimestre de 2020, mediante a súa posta a disposición desde a convocatoria da sesión plenaria, o Pleno toma coñecemento.

6º) MOCIÓNS.

Non se presentou ningunha.

7º) ROGOS E PREGUNTAS.

Non se presentou ningunha.

8º) TOMA DE COÑECEMENTO DE ESCRITO DE RENUNCIA DE JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA AOS CARGOS DE ALCALDE E CONCELEIRO.

Dada conta do escrito asinado pola alcaldía, de data 02.09.2020, con rexistro de entrada no Concello núm. 2059, do 03.09.2020, que transcrito di:

“ JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA, alcalde do Concello de Brión, EXPOÑO:

1. Que esta alcaldía adicou gran parte da súa vida a tratar de solucionar os problemas e necesidades da veciñanza, e igualmente a defender as aspiracións dos veciños do Concello, tentando conseguir un Concello onde a calidade de vida e a prestación de servizos aumentou considerablemente nestes anos.

2. Que este traballo non se realizou só senón con varias corporacións saídas das urnas, que en maior ou menor medida axudaron a conseguir os éxitos que se poidesen ter acadado, e coa colaboración indispensable do persoal municipal.

3. Que debido a circunstancias persoais esta alcaldía non pode seguir ao fronte do Concello como alcalde, polo tempo e dedicación que o cargo esixe e os veciños merecen.

Polo anterior presento a miña renuncia por escrito aos cargos de alcalde do Concello de Brión e igualmente de concelleiro.

Do presente escrito de renuncia daráse conta ao Pleno do Concello para os efectos da súa toma de coñecemento, e para que se proceda a substitución nos cargos na forma legalmente establecida.”

Rematada a lectura do escrito de renuncia por secretaría, a alcaldía convida aos grupos a expoñer as súas consideracións.

O Sr. Concelleiro Souto Castiñeira sinala que quere mostrar o agradecemento do BNG a José Luís por todos os anos dedicados ao Concello de Brión, que foi elixido nas urnas nas primeiras eleccións democráticas, agradecemento do BNG e penso que de toda a corporación, cos mellores desexos na súa vida persoal e que ten en nós uns veciños que o aprecian e valoran, e que o Concello debe seguir mirando cara o futuro sen esquecer o traballo feito nestes anos polo alcalde saínte.

O Sr. Concelleiro Carballo García sinala que queremos agradecerche as boas maneiras e o comportamento respectuoso que tivestes con nós neste ano e medio que levamos aquí, esperamos que o novo alcalde siga nesa liña, e desde o grupo municipal do PP tendemos a man para traballar polos veciños, que para iso estamos aquí. Engade que despois de catro décadas terás moito que contar e recordar, e que pola nosa parte compartimos esa decisión e desexámosche que teñas moita sorte.

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que como concelleiro con máis tempo neste grupo do BNG quero facer un recoñecemento explícito polo trato recibido por este grupo e tamén polo trato persoal exquisito, e desexarche toda a sorte do mundo, darche as grazas polo traballo feito, con algunhas cousas estivemos de acordo e con outras non, pero sempre en beneficio dos veciños, e finalmente sinalar que se te recorda positivamente no teu paso pola Deputación.

O Sr. Alcalde sinala que creo que todos coñecedes as razóns persoais e non vou entrar niso, din o meu compromiso por catro anos nas últimas eleccións pero agora teño que retirarme; na pasada semana me despedín do persoal e dos veciños e faltaba outra despedida, a máis

importante, a de hoxe, porque o Pleno representa a todos os veciños de Brión; quero facer un agradecemento a todos os veciños pola complicitade veciños co Concello a través de corenta e un anos, grazas a eles este Concello foi pioneiro en moitas cousas, así por exemplo, en ter saneamento de todas as parroquias, en ser tamén o primeiro en facer as actas en galego, e quedo coa espiña do auditorio, que xa se mercou o terreo e penso que cando pase a pandemia se fará; este Concello presta moitos servizos aos veciños.

Engade que quero facer un agradecemento aos concelleiros que representaron aos veciños ao longo destes anos e non vou nomear a ninguén porque a memoria é fráxil e sería inxusto; pero si recordar a aqueles que non están hoxe con nós, José de Vilar, Tomé de Mourentáns, Rama de Ons, Ferro da Torre, Manolo de Boullón, Chucho Racheiro de Brión e Camilo de Vioxo, e pido desculpas por se me esquezo de alguén; traballaron polo ben de Brión e colaboraron naqueles anos difíciles en consolidar a democracia; agradecemento a persoas que dignificaron esta profesión que se chama política, e quero facer extensible este agradecemento aos grupos da oposición actual e anteriores, e sinalar que o outro día díciame un xornalista que Brión é un Concello distinto, así por exemplo este ano aprobouse o orzamento por unanimidade; estamos aquí a traballar polos veciños, así tamén ultimamente se fixo unha fronte común cos veciños fronte ao peche pola Xunta da escola de Luaña, seguimos sen ter a reunión solicitada co delegado e que ao mellor xa vai ser cesado e non tivemos a reunión, e tamén sinalar que é un detalle non presentar mocións nin rogos e preguntas.

Remata sinalando que sempre por diante os intereses dos veciños, e por último quero dicir unhas palabras aos integrantes do grupo do PSG-PSOE, que traballen polos veciños con humildade, ser claros e nada máis, estou seguro que ides traballar ben e estou a vosa disposición, e grazas aos presentes e aos veciños, ser alcalde de Brión foi a maior honra.

O Pleno do Concello acorda:

1º) Tomar coñecemento da renuncia aos cargos de alcalde e concelleiro do Concello de Brión de José Luis García García, pertencente ao grupo municipal do PSdeG-PSOE, indicando que a xuízo da Corporación a persoa á que lle corresponde cubrir a vacante de concelleiro consonte coa lista de candidatos proclamados polo PSdeG-PSOE nas últimas eleccións municipais do ano 2019, é María Carmen Touceda Freire.

2º) Que se remita certificación deste acordo á Xunta Electoral Central para que proceda a expedir a credencial de concelleira para os efectos da substitución do concelleiro dimisionario.

En aplicación do disposto no art. 47.1 do ROF pasa a desempeñar as funcións de alcalde do Concello de Brión o primeiro tenente de alcalde Pablo Lago Sanmartín, ata a data de celebración da sesión plenaria extraordinaria de elección de novo alcalde, que debe celebrarse no prazo de dez días hábiles a contar desde hoxe. Con data de hoxe prodúcese o cese do persoal eventual nomeado por decreto da alcaldía do 05.07.2019.

O Sr. Alcalde en funcións declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as once horas e vinte e nove minutos, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

O alcalde en funcións

(O 1º tenente de alcalde)

Vº e Prace

Pablo Lago Sanmartín

O secretario

Javier Nieves González